


## Melloro a lectura

-  ▶ Escoita e arrodea a palabra que se pronunciou mal. Despois, le en voz alta toda a oración pronunciando correctamente os grupos de consoantes.

Na primavera moitas persoas saen a pasear polas prazas e xardíns.

- ▶ Le o texto procurando pronunciar correctamente os grupos **pr**, **br**, **fr**...

## Libros para a primavera

Na primavera, os parques énchense de xente que le. Din que iso ocorre desde un ano en que a primavera parecía que non daba chegado nunca e un xardineiro estaba desesperado con aquel inverno tan longo. Estaba farto dos arrefriados, das gripes e das anxinas. Xa non aguantaba máis **pí**lulas, xaropes e inxeccións! E tamén tiña medo de perder o traballo. Se a primavera non facía florecer os parques e os xardíns, que falta facía un xardineiro?

Un bo día, mentres paseaba polo Parque do Castro, lamentábase entre **espi**ro e espiro:

–Ai, mamaíña! O que eu daría por que chegase a primavera...

Unha voz burleira dixo tras del:

–De verdade? E logo que darías?

O xardineiro, sorprendido, deu a volta e **topou** unha moza, tan abrigada que só se lle vían uns ollos brillantes e unha boa **mata de pelo** rizo.

–Non cho sei... –dubidou o home–. Era un xeito de falar. Eu non teño nada de nada!



–Home –riu a moza–, algunha cousa terás!  
 –Roupa, zapatos, mobles... –pensou en voz alta o xardineiro–. E libros. Moitos libros. Encántanme!  
 –Xenial! –alegrouse a moza–. E darías o teu libro preferido para que chegase a primavera?

O home pensou con **mágoa** no libro de contos que lle lía a súa avoa de pequeno, pero dixo:

–Daría! Se soubese a quen, naturalmente.

–Pois á mesma primavera! –dixo a rapaza entre risas.

E nese intre a moza desfíxose coma unha nube de azucre diante do xardineiro e, nun abrir e pechar de ollos, floreceron todas as plantas do parque e enchéronse de follas novas todas as árbores.

–Graciñas –murmurou o xardineiro emocionado, sen saber moi ben con quen falaba.

Daquela, a voz doce da primavera **bisboulle** ao oído:

–Lembra que aínda me debes un libro, xardineiro.

Pero, en lugar de darmos, tes que mo vir ler. Así farasme compañía.

O xardineiro cumpriu a súa palabra e, desde ese momento, moita xente pasa as tardes da primavera lendo no parque, como facía el. Non vaia ser que, sen libros, algún ano a primavera non queira visitarnos!

*Busca as palabras destacadas en O meu primeiro dicionario, ao final do libro.*



### Póñome no lugar dos demais

- ▶ Como te sentirías ti se sempre fose inverno e a primavera non chegase nunca?
- ▶ Que cousa que ti aprecies moito lle ofrecerías á primavera para que chegase?



# Tempo para ler

## 1 Lembra e responde.



- Por que se queixaba o xardineiro?

- Con quen falou no Parque do Castro?

- Que lle dixo o xardineiro que daría para que chegase a primavera?

- Que pasou daquela?

## 2 Que lle pediu a primavera ao xardineiro? Subliña.

Que lle regalase o libro que lle prometera.

Que fose ao parque a ler o libro para facerlle compañía.

## 3 VOCABULARIO. Que queren dicir as palabras destacadas? Marca.

A primavera  
**bisboulle** ao oído.

- Faloulle baixiño.
- Faloulle a berros.

**Nun abrir e pechar de ollos**,  
floreceon todas as plantas.

- Moito máis tarde.
- Rapidamente.

